

O próximo **venres 16 de setembro ás 20:30 h.** na Casa da Cultura de Gondomar terá lugar a presentación do libro **Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar. El Maquiavelo español** do que é autor o profesor Fernando Bartolomé Benito.

Neste acto, organizado polo **Instituto de Estudos Miñoranos** coa colaboración da **Concellería de Cultura de Gondomar**, participarán, ademais do autor, Carlos Méixome Quinteiro, director do IEM, e a profesora de Lingua e Literatura do IES Val Miñor de Nigrán, Nieves Ibarra.

O profesor Fernando Bartolomé Benito exerce desde hai moitos anos no IES Val Miñor de Nigrán, onde imparte clases de Lingua Española e Literatura. Aragonés de nacemento, reside e traballa no Val Miñor sendo un estudoso da época e da personalidade de Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar.

Fernando Bartolomé simultanea a investigación coa creación literaria. Entre os seus traballos de investigación compre sinalar:

- *Antología poética de Quevedo*
- *El Nuevo Mundo descubierto por Cristóbal Colón*
- *Comedia inédita de Lope de Vega*
- *Símbolos y emblemas en la poesía de Fray Luis de León*
- *El Barroco literario aragonés*
- *El universo simbólico en la Oda IX de Fray Luis de León*
- *La presencia del satanismo en el primer Valle-Inclán*

No que respecta ás obras de creación literaria ten publicadas as novelas:

- *Matar a un rey*, na que recrea a Baltasar Gracián na corte de Filipe IV
- *En el tiempo del hierro acicalado*, na que o Conde de Gondomar se converte nun espectador de excepción da Europa do século XVII
- *Disuelta en humo*, novela de intriga ambientada nos últimos días da guerra civil.

Ten achegado tamén os seus textos e coleccións de relatos breves: *Punta Balea e Sucedió en Bosnia y otros cuentos*

En *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar. El Maquiavelo español*, Fernando Bartolomé fai unha achega biográfica e interpretativa deste personaxe clave na política da monarquía católica nos anos ducado entre os séculos XVI e XVII. Aquel don Diego, que colleu o nome da súa terra para acompañar o título nobiliario que lle concedera El-Rey en recoñecemento dos seus múltiples servizos e analizado no seu devalar pola vida entre Galicia e a corte, entre estas as chancelerías europeas, entre libros e política, entre amizades e conspiracións, entre a súa casa valisoletana do Sol e a morriña permanente pola de Gondomar. En 1912 iniciou o seu labor como embaixador en Londres, no ollo do furacán europeo fiou fino durante algúns anos. Quizais sexa esta a súa xeira vital máis coñecida.

Mais o profesor Bartolomé atrevese tamén cunha interpretación do pensamento político de don Diego enxertado en catro postulados: o seu erasmismo, o pacifismo, o internacionalismo e a tolerancia relixiosa.